



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán



JAVIER BOUZADA ROMERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que transcrito literalmente establece:

**“ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VILANOVA AROUSA.-** Visto o expediente de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Con data 27 de xuño de 2016 a Mesa de Contratación adoptou os acordos que de seguido se transcriben do acta da súa sesión:


*“1º ADMISIÓN DE OFERTAS.- Aberta a xuntanza polo presidente dáse conta de que o día 17 xuño de 2016 rematou o prazo de presentación de ofertas téndose presentado dentro do mesmo as seguintes empresas:*

- CORREDORES DEL NOROESTE S.L.*
- AON GIL Y CARVAJAL SAU*
- SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L.*
- RESEGA ASESORES S.L.*
- WILLIS GALICIA S.A.*
- MUÑIZ Y ASOCIADOS CORREDURÍA DE SEGUROS S.L.*

*...../.....*

**4º.- OFERTAS CLASIFICADAS POR ORDE DECRECENTE.-** As ofertas contidas no SOBRE B polas empresas admitidas á licitación foron as seguintes clasificadas por orde ecrecente unha vez aplicados os ditos criterios de adxudicación:

- 1- WILLIS GALICIA S.A. TOTAL PUNTOS: 8**
- CRITERIO 1. Porcentaxe prima: 5 %                      6 PUNTOS*
- CRITERIO 2. Prazo Entrega: 1 DÍA                      2*
  
- 2.- MUÑIZ Y ASOCIADOS CORREDURÍA DE SEGUROS S.L. TOTAL PUNTOS: 8**
- CRITERIO 1. Porcentaxe prima: 5,49 %                      6 PUNTOS*
- CRITERIO 2. Prazo Entrega: 1 DÍA                      2*



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**3.- CORREDORES DEL NOROESTE S.L. TOTAL PUNTOS: 7**  
CRITERIO 1.Porcentaxe prima: 5,50 % 6 PUNTOS  
CRITERIO 2.Prazo Entrega: 2 DÍAS 1

**4.- AON GIL Y CARVAJAL SAU TOTAL PUNTOS: 6,29**  
CRITERIO 1.Porcentaxe prima: 5,50 % 6 PUNTOS  
CRITERIO 2.Prazo Entrega: 7 DÍAS 0,29

**5.- SOLUCIONES ASEGURADORAS S.L. TOTAL PUNTOS: 6,10**  
CRITERIO 1.Porcentaxe prima: 5 % 6 PUNTOS  
CRITERIO 2.Prazo Entrega: 21 DÍAS 0,10

**6. - RESEGal ASESORES S.L. TOTAL PUNTOS: 6,0**  
CRITERIO 1.Porcentaxe prima: 5 % 6 PUNTOS  
CRITERIO 2. Prazo Entrega: 29 DÍAS 0,10

**5º.- SORTEO PARA A RESOLUCIÓN DO EMPATE.-** Téndose producido un empate a 8 puntos entre as mellores ofertas Procede, de conformidade co disposto no parágrafo segundo a cláusula 13.6 do prego de condicións administrativas particulares, convocar aos licitadores empatados para realizar un sorteo ao chou para determinar a oferta que será proposta pola Mesa ao órgano de contratación. A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda convocar aos licitadores empatados, WILLIS GALICIA S.A. e MUÑIZ Y ASOCIADOS CORREDURÍA DE SEGUROS S.L. para o acto do sorteo que se fixa para o xoves di a 30 de xuño de 2016, ás 09,30 horas, no salón de sesións da Casa Consistorial, facultando expresamente ao presidente da Mesa para realizar a citación por correo electrónico."

**SEGUNDO.-** Con data 30 de xuño de 2016 a Mesa de Contratación adoptou os acordos que de seguido se transcriben do acta da súa sesión:

**"1º SORTEO PARA A RESOLUCIÓN DO EMPATE ENTRE AS MELLORES OFERTAS.-** Polo Presidente da Mesa dase conta de que traía xuntanza da mesma celebrada o día 27 de xuño de 2016 se remi tiu un correo electrónico convocando aos licitadores empatados a 8 puntos, WILLIS GALICIA S.A. e MUÑIZ Y ASOCIADOS CORREDURÍA DE SEGUROS S.L, que presentaron a mellor oferta, para realizar un sorteo ao chou para determinar a oferta que será proposta pola Mesa ao órgano de contratación de conformidade co disposto no parágrafo segundo da cláusula 13.6 do prego de condicións administrativas particulares.

Está presente no salón de sesión un representante da empresa WILLIS GALICIA S.A. De seguido procedeuse a introducir nunha urna dous papéis pregados co nome de cada un deles das empresas empatadas. Tras





**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

*revolverse os papéis dentro da urna procedeuse á extracción dun de ditos papéis no que figura o nome da empresa WILLIS GALICIA S.A.*

2º.- **PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**- De conformidade co establecido na cláusula 13.9. do prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar o expediente á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación propoñendo que se adxudique o contrato á empresa **WILLIS GALICIA S.A.** por se-la que mellor oferta valorada por aplicación dos criterios de adxudicación do contrato, e previo requirimentó da Alcaldía á mesma para que presente a documentación esixida no apartado 1 da cláusula 15ª do dito prego os efectos da súa revisión e posterior adxudicación do contrato e coa advertencia de que de non cumprimenta-lo dito requirimento en prazo e forma, se procederá a adxudicar ó contrato a seguinte das empresas segundo o orde da súas ofertas e así sucesivamente."

**TERCEIRO.**- Requirida a documentación esixida á empresa **WILLIS GALICIA S.A.** se presentou en prazo sendo examinada polos servizos municipais resultando que a mesma está completa.

En consecuencia, procede adxudicarlle o contrato polo que se

**ACORDA**

**PRIMEIRO.**- Adxudicar o contrato do servizo de mediación de seguros privados do concello de Vilanova Arousa é empresa **WILLIS GALICIA S.A.**

**SEGUNDO.**- Nos termos previstos na cláusula 15.4 do prego de condicións administrativas particulares a adxudicación do contrato notificaráse aos licitadores, ao adxudicatario e se publicará no perfil do contratante da páxina web do concello.

E para que así conste e aos efectos da súa unión ao expediente, expido e asino a presente coa salvedade do disposto no art. 206 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de orde e co visto visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, D. Gonzalo Durán Hermida, en Vilanova de Arousa a 13 de xullo de 2016.



Vº. e Prace  
O ALCALDE-PRESIDENTE



